

Pre-misións

Etapa inicial.


Elévase, de feito, nos regulamentos do FEDER a nivel de condición facilitadora para o Obxectivo Político 1 vinculado á I+D+i.

Unha das directrices da Comisión Europea desde 2013 para a elaboración das estratexias de especialización intelixente é a posta en marcha e a continuidade no tempo dos denominados Procesos de Descubrimiento Emprendedor (PDE). Para o período 2021-2027, a Comisión reforza este requisito.

Para dar resposta a esta directriz, a participación dos axentes da cuádrupla hélice foi un aspecto central no proceso de definición da RIS3. Esta participación materializouse nas mesas PDE para a identificación de nichos de oportunidade e a súa posterior priorización (ámbitos de prioridade). A través deste proceso chegaronse a concretar as tres grandes prioridades, os ámbitos de priorización e, vinculadas a elas, as mencionadas pre-misións.

Ademais, todo isto permitiu tamén concretar as tres grandes prioridades, os ámbitos de priorización e, vinculadas a elas, as mencionadas pre-misións.

Elementos do PDE na fase de definición da RIS3 (ano 2021)



Pre-misións por prioridade e reto de especialización intelixente

PRIORIDADE 1

Desenvolvemento e aplicación das diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sustentabilidade dos recursos naturais (terra e mar) e patrimoniais de Galicia, xerando ademais oportunidades para a diversificación cara a produtos sustentables competitivos internacionalmente e mellorando o benestar das persoas na Rexión.

PRIORIDADE 2

Apoio á tecnificación e dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego e a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, como panca para a transformación resiliente de Galicia.

PRIORIDADE 3

Orientación dos esforzos en I+D+i cara os retos da sociedade en Alimentación, Saúde e Envellecemento Activo, convertendo a Galicia nunha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento e test de novas oportunidades científico-tecnolóxicas e empresariais; Galicia Living Lab.

Ámbitos de prioridade

- Mellora, preservación, xestión sustentable e posta en valor da biodiversidade
- Biotecnoloxía azul
- Biocombustibles e enerxías renovables
- Economía circular e simbiose industrial
- Descarbonización
- Eficiencia enerxética
- Innovación e diversificación: calidade e sustentabilidade como base da imaxe de marca

- Independencia tecnolóxica (Desenvolvemento de tecnoloxía galega)
- Desenvolvemento de propostas de valor en torno a recursos naturais, patrimoniais, culturais e turísticos
- Tecnificación e dixitalización do sector primario (agricultura, gandería e forestal)
- Fabricación avanzada e intelixente
- Redes intelixentes, flexibilidade e almacenamento enerxético

- Alimentación humana saudable e funcional
- Saúde animal: veterinaria e alimentación de precisión
- Deporte, para a promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida
- Silver Economy
- Medicina de prevención, rexenerativa e de precisión
- Construción sustentable
- Turismo saudable



Pre-misións

	PRIORIDADE 1	PRIORIDADE 2	PRIORIDADE 3
<p>Reto 1</p> <p>Recursos naturais e patrimoniais</p>	<ol style="list-style-type: none"> Mellora, preservación e posta en valor da biodiversidade e as especies autóctonas de Galicia: Explotación sustentable e ecosistémica dos recursos naturais de Galicia: pesca e acuicultura, forestais, agrarios, gandeiros e patrimónios Biotecnoloxía azul Desenvolvemento de biocombustibles e partir de subprodutos e residuos de pesca e acuicultura, biomasa agraria e forestal e residuos gandeiros Métodos e prácticas de xestión sustentable Creación de sumideiros de CO2 Xestión sustentable dos recursos hídricos (xestión, aforro, optimización e reutilización) Desenvolvemento e implementación de tecnoloxías para a monitorización e a observación ambiental, de cara a adaptación das infraestruturas ao impacto do cambio climático (pesca e acuicultura) Xeración, almacenamento e distribución de enerxías renovables en Galicia: vinculadas ao mar (undimotriz, eólica mariña flotante, mareomotriz) e ao sector primario (biomasa agrícola e forestal), xeotermia, eólica Innovación en produto en madeira: desenvolvemento de produtos base-madeira, biofibras, téxtiles, etc. 	<ol style="list-style-type: none"> Dixitalización dos océanos <ul style="list-style-type: none"> Predición de efectos do impacto do cambio climático Teledetección de bancos pesqueiros para pesca selectiva (e sostible) Agricultura e gandería de precisión Silvicultura de precisión: <ul style="list-style-type: none"> Dixitalización para a monitorización e control do monte Dixitalización de serradoiros e deseño para a primeira transformación Dixitalización dos activos turísticos e patrimoniais do territorio: <ul style="list-style-type: none"> Desenvolvemento de destinos turísticos intelixentes Plataformas comúns para oferta turística integral Conservación e prevención do patrimonio mediante o uso de TIC Posta en valor do patrimonio material e inmaterial: repositorio, comunicación e difusión 	<ol style="list-style-type: none"> Alimentación de precisión en gandería. Hábitat: rehabilitación e construción residencial, non residencial e de obra pública en madeira Revitalización da oferta turística: <ul style="list-style-type: none"> Turismo-Saúde ou Termalismo-balnearios Turismo sostible-de natureza Turismo-Silver economy: oferta para turista senior e pre-senior Potenciar a cultura galega do mar e das rías: actividades educativas e lúdicas, posta en valor das rías para navegación, atracción de barcos de recreo



Pre-misións

	PRIORIDADE 1	PRIORIDADE 2	PRIORIDADE 3
Reto 2 Modelo industrial	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valorización e transformación de subprodutos e residuos dentro de cada cadea de valor estratéxica e entre sectores: aposta pola economía circular e a simbiose industrial 2. Adaptación das cadeas de valor estratéxicas de Galicia (en cadeas de produción e en produtos) á descarbonización e a redución da pegada de carbono 3. Loxística interna e externa verde e dixital nas cadeas de valor estratéxicas galegas 4. Integración e desenvolvemento da cadea de valor en torno ao vehículo electrificado, eléctrico, autónomo e conectado 5. Desenvolvemento da cadea de valor do hidróxeno verde 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fabricación avanzada e intelixente nas cadeas de valor estratéxicas de Galicia: <ul style="list-style-type: none"> • Implantación de tecnoloxías facilitadoras (automatización e robótica, visión artificial, machine learning, Deep learning, IoT, realidade aumentada, xemelgo dixital) • Fabricación aditiva • Excelencia operacional a través da intelixencia artificial: predición de averías, paradas, etc. • Intercambio de información áxil e segura entre eslabóns das cadeas de valor: blockchain • Novas tecnoloxías en canles de comercialización e distribución 2. Tecnoloxías para a mellora e optimización da produción 3. Tecnoloxías customer oriented (técnico, agroalimentario, industria transformadora da pesca) 4. Ciberseguridade vinculada á dixitalización dos procesos de produción 5. Innovación en produtos: bens de equipo dixitalizados e sostibles (naval), UAVs, naves non tripuladas e tripuladas, segmento Newspace, sistemas de seguridade e emerxencia (aeronáutica e aeroespacial), electrónica avanzada (automoción, aeronáutica, aeroespacial) 6. Dixitalización do sector enerxético 7. Electrificación de infraestruturas e conectividade: portos, puntos de recarga de automóbiles, etc. 8. Estruturas de testing e ensaio 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolvemento de téxtiles intelixentes: demanda en saúde e deporte



Pre-misións

	PRIORIDADE 1	PRIORIDADE 2	PRIORIDADE 3
<p>Reto 3</p> <p>Modelo de vida saudable e envellecemento</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Descarbonización e xestión de residuos de maneira sustentable en hospitais e centros de atención social 2. Calidade e sustentabilidade bases da imaxe de marca do sector alimentario (agrario, gandeiro, forestal, pesca e acuicultura): produtos de calidade diferenciada e segmento Gourmet 3. Produtos, envases e embalaxes intelixentes e sustentables: seguridade e trazabilidade alimentaria, textiles duradeiros, adaptación a novas formas e formatos de consumo e canles de venda 4. Novas formas de mobilidade urbana e rural 5. Rehabilitación enerxética en nova e vella construción: comunidades enerxéticas locais, fachadas e tellados verdes, BIPV, materiais de construción reciclados e reciclables 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dixitalización do sector dos coidados: sensorización de persoas e entornos, teleasistencia, telemedicina 2. Dixitalización completa da Historia Clínica do Paciente 3. Economía do dato: desenvolvemento de solución adaptadas á poboación 4. Interoperabilidade entre os sistemas sanitario e de atención social 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Alimentación humana: alimentos saudables, funcionáis; novos formatos para novos segmentos; novos produtos de valor engadido. Potenciación dos recursos naturais galegos (terra e mar) para o desenvolvemento de alimentos saudables diferenciais 2. Desenvolvemento do concepto ONE HEALTH 3. Impulso ao papel da nutrición e alimentación na prevención e coidado da saúde 4. Trazabilidade e seguridade alimentaria integral 5. Silver Economy: novos produtos e servizos para o mercado senior e presenior-alimentación, farmacia, cosmética, etc. 6. Medicina de precisión: diagnóstico in-vitro e point of care, pronóstico, descubrimento e desenvolvemento de fármacos 7. Medicina rexenerativa 8. Medicina de prevención 9. Xerontotecnoloxía: aplicación de novas tecnoloxías para mellorar o confort e a vida independente 10. Deporte para a promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida

Pre-misións

O punto de partida unha vez definida a RIS3 son estas 51 pre-misións. A partir delas, o mantemento do proceso de descubrimento emprendedor en base á metodoloxía que no seguinte apartado se propón, buscará a súa concreción e desenvolvemento mediante o traballo cos actores do ecosistema ao longo dos 7 anos de implementación da Estratexia.

Neste proceso, estas pre-misións evolucionarán, algunhas das cales se concretarán, outras se reformularán para adaptarse a posibles cambios, e outras simplemente deixarán de ser válidas pola propia decisión dos actores que participen no proceso.

